

## FUNCIONARIZACIÓN AGRUPACIÓN PROFESIONAL DAS ESCALAS DE COCIÑA E LIMPEZA, CATEGORIAS V-001 E V-011 RPT COMISIÓN DE PERSOAL

Santiago de Compostela 17/04/23

Na documentación entregada na mesa previa estímase que 7 postos da Residencia de Maiores de Ferrol levarán unha observación ao respecto de que pasarán a nivel 12 cando sexan vacantes. Acéptase tamén a alegación de 2 postos na residencia dos Milagres de Ourense que pasan de Nivel 11 ao 12. Como cuestión fundamental para UGT, desaparecen os niveis 9 pasando todos a nivel 10.

Ao respecto da unificación de listas destas categorías, DXFP explica que dentro duns días sairá publicada a apertura de prazo para inscrición do persoal que está nas listas actuais nestas categorías. Nas novas listas de persoal funcionario de cociña e limpeza teranse en conta os méritos de servizos previos que teñen. A inscrición é exclusivamente para as persoas que forman parte xa das listas actuais que se va a unificar, sen cobrar taxa e con posibilidade de elección de ámbitos. A partir de dita unificación os chamamentos para postos funcionariais ou laborais serán por esa novas listas.

**UGT: a favor**    CIG: en contra    CCOO: a favor    CSIF: abstención

### AS RAZÓNS DO SENTIDO DO VOTO DE UGT:

- ✚ Non hai **NINGÚN** complementos de funcionarización.
- ✚ Evidénciase un **INCREMENTO** de salario neto en todas as categorías.
- ✚ Prodúcese unha **HOMOXENIZACIÓN** de postos con igual tipoloxía de centros e réxime de prestación de servizos, aceptáronse as alegacións a códigos de postos de traballo con igual tipoloxía de centro, categoría e réxime de prestación de servizos, **APLICANDO O MESMO CRITERIO E TRATAMENTO** que na primeira funcionarización de persoal laboral do grupo I o grupo IV e parte do grupo V.
- ✚ Acéptase a alegación de UGT, **FUNDAMENTAL**, que arrastramos dende o 26 novembro de 2022: **PASAR TODOS OS POSTOS DE NIVEL 9 A NIVEL 10**, e evitar unha minusvaloración discriminatória dos postos de traballo feminizados de cociña e limpeza, en relación cos niveis mínimos do grupo V . Coa proposta de nivel 9 o incremento era de 233 euros ano, **CON NIVEL 10, INCREMENTO DE 900 EUROS**.
- ✚ E, por último, demandamos a **INCLUSIÓN DESTAS ESCALAS DE COCIÑA E LIMPEZA**, no ámbito de aplicación do **ACORDO DA COMISIÓN DE PERSOAL DO PASADO 26/06/21 PARA Á REVISIÓN DA CLASIFICACIÓN ACTUAL DE CENTROS** debe actualizarse en atención á evolución lóxica das persoas residentes, que non se corresponde coa clasificación de apertura de moitos centros.
- ✚ A **FUNCIONARIZACIÓN** está prevista para o día **1 DE MAIO**.

UGT-SP	DIRECCIÓN	TELÉFONO	CORREO ELECTRONICO
Santiago	Edif. San Caetano – Locais Sindicais	981 545 988	uxt.sancaetano@xunta.es
	Edif. San Lázaro – Locais Sindicais	881 997 292	sindicato-uxt@xunta.es
A Coruña	Edif. Servizos Múltiples Monelos – Locais Sindicais	981 185 989	ugt.monelos@xunta.es
	Fdez. Latorre, 27 – 3º - 15006	981 248 471	coruna@fesp.ugt.org
Ferrol	Carmen, 45 – 2º - 15402	981 356 127	fspferrol@galicia.ugt.org
Lugo	Edif. Admtvo. Xunta Galicia – Local sindical	982 294 206	uxt.lugo@xunta.es
Ourense	Parque S. Lázaro, 12 – 1º - 32003	988 238 353	xunta.ourense@ugt-sp.ugt.org
Pontevedra	Pasantería, 1 – 2º - 36002	886 132 759	pontevedra@ugt-sp.ugt.org
Vigo	García Barbón, 67 – 6º - 36201	986 221 918	

## ROGOS E PREGUNTAS:

### ✚ RPT de funcionarización de Medio Rural:

Considerando o dito polo Director en reunións anteriores e dado que estaba supeditada á aprobación da RPT do Grupo V, preguntado para cando está prevista a toma de posesión de ese persoal. Responde que xa se está traballando nela e o cronograma que manexan, **salvo imprevistos** é que se aprobe nas vindeiras semanas para a **entrada en vigor o 1 de xuño**.

### ✚ Procesos selectivos de enxeñeiros agrónomos e agrícolas, montes e forestais:

Preguntado pola toma de posesión, para saber si vai a ser antes ou despois do verán, e pola orde que vai a rexer na elección en tanto que hai postos en RPT que son compartidos e por outra banda hai están os procesos da Lei 20 en marcha. Responde que nos meses de xuño e xullo está previsto un importante número de exames procesos selectivos, polo que é probable que a toma de posesión quede para despois do verán.

### ✚ Procesos de promoción interna de corpos xerais:

Dado que os de libre xa teñen data para exame en xullo e as de promoción interna non están convocadas, responde que nunhas semanas iniciárase a negociación das bases, sobre todo da PI do ano 2020 para que non se produza a caducidade da mesma, pero non é un tema prioritario, indica que en un par de meses é probable que se estea negociando.

### ✚ Listas dos procesos de estabilización:

Teñen pendente de pasar esta semana un cronograma sobre os procesos, para poder comezar a publicar algunhas listas, informarán ou mañá ou o venres nas reunións que están previstas.

### ✚ RPT do CGSIB e Integración, para cando?

A orde de integración está pendente de informe sobre algunha cuestión por parte da Asesoría Xurídica, entendendo que debería estar publicada o antes posible.

### ✚ Instrución da Consellería de Educación sobre a comunicación das ITs:

A Consellería informa que se trata dunha instrución transitoria e que están traballando co CIXTEC para establecer un procedemento cunha comunicación automática e inmediata sen participación das persoas na recepción do parte de baixa pola administración aos centros educativos, puntualizando que afectaría soamente a aquelas persoas que están no réxime da Seguridade Social, non habendo nada previsto para o réxime especial de MUFACE.

### ✚ Información sobre a participación do persoal na enquisa do Plan de Igualdade.

Darán mañá na reunión da Comisión negociadora os datos polo miúdo pero neste momento afirma que a participación na enquisa está no entorno do 15%.

### ✚ RPT do Instituto Galego de Consumo e OPE dos procesos selectivos de esta escala

Confirma que se está traballando na RPT e na planificación da convocatoria daqueles procesos que non están afectados pola estabilización, onde existen prazas libres.

UGT-SP	DIRECCIÓN	TELÉFONO	CORREO ELECTRONICO
Santiago	Edif. San Caetano – Locais Sindicais - Santiago	981 545 988	uxt.sancaetano@xunta.es
	Edif. San Lázaro – Locais Sindicais	881 997 292	sindicato-uxt@xunta.es
A Coruña	Edif. Servizos Múltiples Monelos – Locais Sindicais	981 185 989	ugt.monelos@xunta.es
	Fdez. Latorre, 27 – 3º - 15006	981 248 471	coruna@fesp.ugt.org
Ferrol	Carmen, 45 – 2º - 15402	981 356 127	fspferrol@galicia.ugt.org
Lugo	Edif. Admtvo. Xunta Galicia – Local sindical	982 294 206	uxt.lugo@xunta.es
Ourense	Parque S. Lázaro, 12 – 1º - 32003	988 238 353	xunta.ourense@ugt-sp.ugt.org
Pontevedra	Pasantería, 1 – 2º - 36002	986 847 844	autonomica.pontevedra@fesp.ugt.org
Vigo	García Barbón, 67 – 6º - 36201	986 221 918	